

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 15 DE MAIO DE 2014,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Decreto polo que se regulan as inspeccións periódicas dos equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios e se crea o Comité Fitosanitario Galego.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración de terminais de radiocomunicación para o acceso aos servizos da Rede Corporativa de Comunicaci3ns M3biles Dixitais de Emerxencia e Seguridade de Galicia, por un orzamento total de cinco millóns oitocentos vinte e nove mil setecentos oitenta euros (5.829.780,00 euros) (IVE incluído).
- Acordo polo que se aproba a posta en marcha e o modo de explotación da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Baiona para a realización das obras consistentes na humanización da travesía interior de Sabarís (fase III). Actuación na rúa Areas que vai desde a glorieta Santos Peralba ata o cruzamento coa avenida da Praia Ladeira, por un importe total de novecentos oitenta e seis mil cinco euros (986.005,00 euros).



## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Decreto polo que se regula o procedemento integrado para a apertura de instalacións de venda ao público polo miúdo de combustibles de automoción.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha Addenda cuarta ao convenio de colaboración asinado o 1 de decembro de 2010 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Grupo de Persoas con Discapacidade da Coruña (GRUMICO), para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de corenta e oito mil douscentos vinte e seis euros con oito céntimos (48.226,08 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha Addenda primeira ao convenio de colaboración asinado o 8 de xullo de 2013 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación BATA (Baión. Asociación para el Tratamiento del Autismo), para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dezasete mil setecentos oitenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (17.782,56€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha Addenda primeira ao convenio de colaboración asinado o 8 de xullo de 2013 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Sociocultural de Minusválidos (ASCM—Ferrol), para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de corenta e tres mil seiscentos corenta e catro euros con seis céntimos (43.644,06 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha Addenda cuarta ao convenio de colaboración asinado o 15 de decembro de 2010 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACEESCA), para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de cento catro mil setecentos trinta e dous euros con vinte e oito céntimos (104.732,28 €).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos consistente na valoración, seguimento e control de proxectos de investimentos subvencionables a través do Programa operativo do FEP 2007-2013, por un importe total de catrocentos dezasete mil catrocentos cincuenta e cinco euros con oitenta e oito céntimos (417.455,88 euros).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre a enquisa Hábitos de actividade física e deportiva da poboación galega. Estudo de poboación 2013.

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre a evolución do prezo do combustible en Galicia.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre a resolución da orde de centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre os proxectos de innovación desenvolvidos pola Consellería de Sanidade no marco do Hospital 2050 e Innova Saúde.

## **A XUNTA CREA O COMITÉ FITOSANITARIO GALEGO PARA ASESORAR NO EMPREGO DE EQUIPAMENTOS DE APLICACIÓN DESTE TIPO DE PRODUCTOS**

- ***O Consello da Xunta aprobou o decreto que crea este órgano regulador e que regula as inspeccións periódicas dos equipamentos de aplicación dos produtos fitosanitarios en Galicia***
- ***Con esta norma créase un censo de equipamentos de aplicación e establécense os requisitos mínimos das estacións de inspección técnica destes equipos***

A Xunta crea o Comité Fitosanitario Galego para asesorar no emprego de equipamentos de aplicación deste tipo de produtos. O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se regulan as inspeccións periódicas dos equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios e se crea o Comité Fitosanitario Galego.

Este comité será o órgano consultivo para asesorar, entre outras materias, sobre os plans anuais de prospección de organismos nocivos dos vexetais presentes na Comunidade Autónoma, a tecnoloxía e uso dos equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios, o rexistro de establecementos e servizos destes produtos, os programas de control de residuos de produtos fitosanitarios en orixe ou a investigación e experimentación das pragas e dos produtos fitosanitarios.

Ademais, coa aprobación desta norma, Galicia vai contar cunha regulación específica das inspeccións periódicas dos equipamentos de aplicación dos produtos fitosanitarios. A Xunta elaborou este decreto dado que unha deficiente regulación dos equipamentos ou máquinas de aplicación pode dar lugar a distribucións anómalas e á presenza de avarías ou desaxustes e pode orixinar fugas ou verteduras de produto en lugares inadecuados. Ademais, hai que deixar claro que unha correcta aplicación de produtos fitosanitarios require unha distribución homoxénea do produto e que estea de acordo coas doses autorizadas e recomendadas para evitar efectos nocivos ou prexudiciais na saúde humana e no ambiente, de aí a necesidade desta normativa.

Coa aprobación deste regulamento elabórase o censo de equipamentos de aplicación e establécense os requisitos mínimos que deben cumprir as estacións de inspección técnica destes equipamentos, os seus titulares e o persoal técnico encargado das inspeccións. A Consellería do Medio Rural e do Mar é responsable da elaboración e xestión dun censo no cal se inscribirán os equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios que se deberán inspeccionar sempre que vaian ser empregados na actividade agraria (agrícola, gandeira ou forestal) ou en ámbitos profesionais distintos da actividade agraria.

O censo elabórase cos datos dos equipamentos inscritos no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) e os declarados polos propietarios que non teñan a obriga



de estar inscritos no dito rexistro. Este censo estará composto polos equipamentos móbiles de aplicación de produtos fitosanitarios inscritos no ROMA, os montados a bordo de aeronaves e os instalados no interior de invernadoiros ou outros locais pechados. Todos os equipamentos regulados por este decreto deberán ser inspeccionados, polo menos unha vez, antes do 26 de novembro de 2016.



## **TODOS OS DISPOSITIVOS DE EMERXENCIAS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA EMPREGARÁN A NOVA REDE DIXITAL DE GALICIA EN 2015**

- *A Xunta aproba o modelo de xestión da Rede Dixital de Emerxencias de Galicia, que entrará en funcionamento en xaneiro*
- *O uso da Rede será obrigatorio para Axega, Policía Autonómica, 112, dispositivos antiincendios, bombeiros e 061 e abrirase a concellos, entidades públicas e empresas que precisen coordinarse cos servizos de emerxencia públicos*
- *A adquisición de terminais TETRA para o seu uso dentro da Rede realizarase mediante un acordo marco aprobado hoxe tamén polo Goberno galego*
- *A rede empregará as infraestruturas do operador público Retegal, o que permitirá un aforro de 37 millóns de euros en 10 anos respecto ao uso de redes comerciais*

En 2015 todos os organismos do sector público autonómico vinculados ás emerxencias estarán integrados na nova Rede de Emerxencias Dixital de Galicia, que se abrirá tamén aos concellos, entidades públicas da Comunidade e empresas privadas que precisen coordinarse cos servizos públicos de emerxencias. Así se recolle no Plan de explotación da Rede aprobado hoxe no Consello da Xunta, que establece que cada organismo integrado asumirá os gastos da parte proporcional dos servizos que empregue.

A adquisición dos terminais necesarios para empregar a Rede realizarase mediante un acordo marco, aprobado hoxe tamén polo Goberno galego, que determinará os modelos homologados e as empresas subministradoras. Este modelo de compra centralizada permitirá a todos organismos da Xunta que se adhiran adquirir os terminais a un prezo competitivo.

O número de usuarios estimados ata 2016 é de 5.000 entre efectivos de Axega, Policía Autonómica, 112, dispositivos antiincendios, bombeiros e 061, que se prevé que cheguen aos 8.000 nun período de 3 a 5 anos, e ten capacidade técnica para chegar ata os 12.000. Esta rede porase á disposición doutros organismos públicos, como deputacións ou concellos e, deste xeito, conseguirase unha maior coordinación dos distintos servizos de emerxencias.

A entrada en funcionamento desta rede, que será xestionada polo operador público Retegal, substituirá a tecnoloxía analóxica que actualmente se emprega na rede de emerxencias que non permite implementar novas funcionalidade servizos nin ten capacidade para soportar as necesidades actuais dos servizos de emerxencias.

### **Tecnoloxía de última xeración**

A rede empregará a tecnoloxía TETRA, a máis punteira para este tipo de comunicacións vinculadas á seguridade pública e recomendada a nivel europeo. O novo sistema caracterízase pola súa fiabilidade incluso en situacións extremas ou de saturación. Esta



tecnoloxía garante a súa dispoñibilidade cando o resto de redes de telefonía móbil se colapsa, emprega dispositivos móbiles adaptados a condicións extremas e permite as comunicacións en grupo e a integración cos sistemas de telefonía fixa e móbil.

Ademais, posibilita a incorporación de diversos servizos como localizar xeograficamente en tempo real a posición de todos os dispositivos de emerxencia vía GPS, envíos de sms a persoas ou grupos, envío de fotos, consulta de bases de datos ou a gravación de conversas con capacidade de ata 120.000 horas de gravación, e permitirá a encriptación das comunicacións.

Será a primeira rede de emerxencias de España que incorpora a posibilidade de habilitar o servizo de datos mellorado (TEDS), que multiplica por 5 a velocidade de transmisión de datos con respecto ás redes de emerxencia convencional. Estas características converten a rede de Galicia na referencia máis moderna en España.

### **Cobertura e investimento**

A previsión é que a nova rede dixital estea operativa en todo o territorio galego a finais de 2014 cunha cobertura do 84 % do territorio e o 94 % da poboación, de xeito que garantirá un alto grao de cobertura nas principais zonas urbanas nas principais vías de comunicación, portos, aeroportos e zonas industriais de especial risco e zonas rurais.

Ademais, existirá unha estación base transportable, que poderá ser empregada para para un despregamento rápido de cobertura nunha zona de sombra ou aumentar a capacidade ante un evento que xere un incremento exponencial das comunicacións dos servizos de emerxencia e seguridade.

O investimento que se vai realizar será de 6.378.100,22 euros, dos cales o 70 % son achegados pola entidade pública empresarial red.es, grazas á contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e o 30 % pola Xunta de Galicia, e concretamente pola Amtega, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Medio Rural e do Mar e a entidade pública empresarial Red.es.

### **Aforro de 37 millóns de euros**

Na creación desta nova rede de emerxencias estanse a aproveitar infraestruturas de telecomunicacións implantadas no marco do Plan de banda larga da Xunta e as redes do operador público Retegal, o que permitirá un aforro de 37 millóns de euros en 10 anos respecto ao uso de redes comerciais. A empresa pública será a encargada de xestionar a rede dixital de emerxencias.



## **MEDIO AMBIENTE ACHEGA CASE UN MILLÓN DE EUROS PARA AVANZAR NA HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA DE SABARÍS, EN BAIONA, DESDE A RÚA PORTA DO SOL A AREAS**

- ***O Consello da Xunta autorizou esta mañá o convenio polo que se executarán estas obras, que permitirán reordenar o tráfico rodado e peonil***
- ***A Consellería de Medio Ambiente xa investiu 1,3 millóns de euros na mellora da travesía de Sabarís, na rúa Xulián Valverde***

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Baiona co fin de continuar as obras de humanización da travesía interior de Sabarís, concretamente o treito que vai desde a glorieta Santos Peralba ata o cruzamento coa avenida da Praia Ladeira, en Areas. O importe desta colaboración interadministrativa implica un investimento de case un millón de euros (986.000 euros).

O ámbito de actuación abrangue case 6.000 m<sup>2</sup>. A necesidade de intervención nesa zona vén dada porque existen varias deficiencias nas redes de saneamento, pluviais e fecais. O proxecto emendará un problema ambiental e de salubridade pública, á vez que se propón a creación dun espazo de calidade para os veciños de Sabarís.

Tal e como se recolle no texto do convenio autorizado esta mañá, o proxecto prevé unha comunicación peonil no cruzamento da rúa Areas coa avenida da Praia Ladeira, coa finalidade de crear unha conexión segura coa praia desde o tecido urbano.

Tamén se procederá a unha reordenación do tráfico rodado e peonil a un só nivel, coa eliminación de barreiras arquitectónicas, creando unha banda de circulación nun só sentido e outra banda funcional, que aloxará todo o paquete de equipamentos urbanos que se consideran precisos. O resto da sección de rúa estrutúrase como unha plataforma peonil na que se incorporan novos elementos de mobiliario urbano, bancos, arboredo, iluminación e xardinaría.

### **Outra actuación en Sabarís**

Cabe lembrar que o Concello de Baiona promoveu no ano 2008 un concurso de ideas para a humanización da travesía interior de Sabarís, desde a rotonda da ponte romana ata a zona coñecida como Curva do Manco, un proxecto de humanización que se executaría en diferentes zonas.

O pasado ano, o conselleiro de Medio Ambiente inaugurou a primeira fase destas obras na rúa Xulián Valverde, desde a rotonda da ponte romana ata o cruzamento coa rúa José Pereira Troncoso, actuación na cal se investiron 1,2 millóns de euros.





A parroquia de Santa Cristina da Ramallosa é un asentamento de carácter urbano. Sitúase entre a desembocadura do río Miñor e o núcleo urbano de Baiona, (con presenza de múltiples edificacións pertencentes ao Conxunto Histórico-Artístico de Baiona, polo que se declara ben de interese cultural con categoría de conxunto histórico-artístico a zona antiga de Baiona) ao longo dun importante tramo do perímetro costeiro deste concello, na ría de Vigo.

### **Compromisos das partes asinantes**

A sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Baiona implica unha serie de obrigas para cada un dos asinantes. Así, no caso da Administración local comprométese a poñer á disposición da Xunta os terreos necesarios, libres de carga e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras e asumir, unha vez realizadas as obras e logo da comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a súa explotación e conservación.

Pola súa banda, a consellería asume o financiamento das obras por un importe de 986.000 euros e a súa licitación e execución.

### **Plan Hurbe**

Esta obra forma parte do Plan Hurbe, que busca un programa de calidade de vida das zonas urbanas e dos concellos do rural, pero focalizando múltiples actuacións nos concellos pequenos.

O Plan Hurbe pretende ordenar e priorizar os equipamentos e dar un contido corporativo a todo o mobiliario urbano e arranxo dos espazos públicos.

Os obxectivos deste plan, que destinará preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos, son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural.



## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN FACILITARÁ O TRANSPORTE ESCOLAR DE 61 ALUMNOS CON DISCAPACIDADES COA COLABORACIÓN DE ACEESCA, ASCM-FERROL, BATA E GRUMICO**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura das addendas de convenios con estas asociacións, que se suman ás autorizadas no pasado Consello para as addendas con Amencer-Aspace, Aspanaex e Cruz Vermella***
- ***En total a sinatura destes convenio beneficiará 183 estudantes***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilitará o transporte escolar de 61 alumnas e alumnos con discapacidades a través da renovación dos convenios coa Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACEESCA), coa Asociación Sociocultural de Minusválidos (ASCM—Ferrol), con Baión Asociación para o Tratamento do Autismo (BATA) e coa Asociación Grupo de Persoas con Discapacidade da Coruña (GRUMICO), entidades que veñen subscribindo ano a ano unha colaboración para tal fin co departamento educativo da Xunta de Galicia. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura das correspondentes addendas de tal forma que, tras a autorización a pasada semana das que se suscribirán con Amencer-Aspace, coa Asociación en favor das persoas con discapacidade intelectual (ASPANAEX) e coa Cruz Vermella, o servizo de transporte beneficiará 183 alumnas e alumnos con algún tipo de discapacidade, o que supón un investimento de 581.962,59 euros. Cómpre salientar que, a maiores, a Consellería asume a diario o transporte de case 89.000 estudantes.

Trátase de escolares con distintos tipos de discapacidades que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares. Así, os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan. Ao abeiro dos convenios, as devanditas asociacións comprométense a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos.

### **Atención á diversidade**

Coa sinatura deste convenio, a Consellería de Cultura e Educación continúa a dar cumprimento ao seu compromiso coa atención á diversidade do alumnado galego, reforzado a partir da publicación do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se



regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



Comunicación da Xunta de Galicia  
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
Correo-e: comunicacion@xunta.es



**FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**  
*"Unha maneira de facer Europa"*  
**FONDO SOCIAL EUROPEO**  
*"O FSE inviste no teu futuro"*

## **A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN CO COLEXIO DE ENXEÑEIROS NAVAIS PARA O CONTROL DE AXUDAS COMUNITARIAS AO SECTOR PESQUEIRO**

O Consello da Xunta autorizou a sinatura da prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos consistente na valoración, seguimento e control de proxectos de investimentos subvencionables a través do Programa operativo do Fondo Europeo da Pesca (FEP 2007-2013), por un importe total de 417.455,88 euros.

Esta prórroga ten por obxecto ampliar no tempo o convenio co Colexio de Enxeñeiros – asinado o 28 de decembro de 2012 e cuxa vixencia remata o 30 de xuño de 2014– ata o 31 de decembro de 2015.

Co fin de acadar o óptimo grao de adecuación dos fondos europeos que a Unión Europea destina ao sector pesqueiro ás finalidades que estas achegas perseguen, cómpre contar con sistemas eficaces de valoración, seguimento e control dos proxectos de investimento subvencionables a través do actual Programa operativo do FEP 2007-2013.

É por todo isto polo que se asinou un convenio co Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos cuxa vixencia remata o 30 de xuño de 2014. Entre as funcións desta entidade están a colaboración e o apoio das administracións públicas para conseguir que os distintos sectores produtivos, entre eles o sector primario, teñan cada vez unha posición máis competitiva mediante a aplicación da técnica e das tecnoloxías máis idóneas.

Este colexio profesional está capacitado para poñer á disposición da Consellería do Medio Rural e do Mar enxeñeiros superiores de alta cualificación para colaborar nos programas resultantes da política pesqueira da Consellería.

Unha maior exactitude na valoración e no seguimento dos proxectos garante un maior grao de correspondencia entre as necesidades reais de investimento e a contía das axudas outorgadas.



## **A PRÁCTICA DE ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA INCREMENTÁSE EN GALICIA EN CASE 16 PUNTOS**

- ***A enquisa sobre Hábitos de actividade física e deportiva da poboación galega. Estudo de poboación 2013, elaborada en colaboración coa USC, revela que, pese a que os homes continúan exercitándose máis que as mulleres, a diferenza se reduciu nos últimos anos***
- ***Camiñar foi a actividade física máis practicada pola poboación en 2013, un hábito de máis do 40% dos galegos, fronte ao 27% que o tiñan en 2007***
- ***Os cidadáns dedican unha media de 324 minutos semanais á actividade física ou deportiva, o que supera amplamente as recomendacións mínimas da OMS, de 150 minutos***
- ***A enquisa forma parte das iniciativas recollidas no Plan Galicia Saudable, que ten por obxectivo incrementar a práctica deportiva entre a poboación galega como ferramenta de saúde e de calidade de vida***

O Consello da Xunta avaliou hoxe os resultados da enquisa sobre *Hábitos de actividade física e deportiva da poboación galega. Estudo de poboación galega*, elaborada en colaboración coa USC e que revela que sete de cada dez dos galegos maiores de 18 anos practica exercicio habitualmente, nunha porcentaxe case 16 puntos superior á do 2007, ano no que se fixera un estudo de equivalentes características. Concretamente, o 70,75% dos galegos maiores de 18 anos teñen o hábito de realizar actividade física polo menos unha vez á semana durante o seu tempo libre, o que representa un avance de 15,65 puntos porcentuais con respecto ao nivel de práctica rexistrado no ano 2007, que se situaba no 55,1%.

Segundo a mesma enquisa, a porcentaxe de práctica de exercicio físico é bastante similar entre as catro provincias galegas, mentres que se continúa a apreciar unha certa diferenza entre sexos. Así, hai unha maior porcentaxe de homes (73,74%) que de mulleres (68%) que realiza actividade física, pero esa distancia acurtouse en case 2 puntos desde 2007. Desde entón, aumentou nun 14,84% a porcentaxe de homes que fai exercicio e nun 16,8% a de mulleres.

Con moita diferenza sobre as demais disciplinas, a actividade física máis practicada polos galegos en 2013 foi camiñar, un hábito para o 40,42% dos galegos maiores de 18 anos, é dicir, algo máis de 4 de cada 10. Esta porcentaxe ascendeu notablemente desde 2007, cando se situaba no 27,47%.

Na seguinte táboa recóllense as 10 actividades máis practicadas o ano pasado polos galegos:



<b>Posto</b>	<b>Actividade</b>
1	Camiñar
2	Acondicionamento físico en ximnasio
3	Correr
4	Ximnasia de mantemento
5	Actividades aeróbicas con soporte musical
6	Nadar
7	Andar en bicicleta
8	Fútbol
9	Pilates
10	Pádel

En relación coa frecuencia e duración das sesións de actividade física, a enquisa pon de manifesto que os galegos realizan unha media de 4,15 sesións de exercicio semanal e que lle dedican 78,25 minutos a cada unha delas. Isto significa que os cidadáns invisten unha media de 324,74 minutos semanais na práctica de actividade deportiva ou física, o que supera amplamente as recomendacións mínimas da Organización Mundial da Saúde (OMS), que son de 150 minutos de actividade física semanal moderada.

Ese limiar de 150 minutos semanais é superado tanto polos que camiñan, que dedican a esta práctica unha media de 388,97 minutos á semana, como polos que realizan outras actividades físicas ou deportivas, que dedican a elas 236 minutos á semana de media.

A enquisa, realizada sobre unha mostra de 1.200 persoas maiores de idade, forma parte das iniciativas recollidas no Plan Galicia Saudable, aprobado polo Parlamento de Galicia en decembro de 2011 co obxectivo de incrementar a práctica deportiva entre a poboación galega como ferramenta de saúde e calidade de vida. Este estudo ten por obxecto comezar a avaliar os obxectivos da posta en marcha deste programa interdepartamental, ao cal se adheriron xa 496 entidades da Comunidade.



## **A XUNTA IMPULSA MEDIDAS PARA ELEVAR A COMPETENCIA NA VENDA RETALLISTA DE COMBUSTIBLE DE AUTOMOCIÓN E REDUCIR OS PREZOS**

- ***Estas actuacións responden ás recomendacións que establece un informe do Consello Galego de Competencia***
- ***O Goberno galego simplificará os trámites administrativos, creando unha xanela única para facilitar a apertura de estacións de servizo e rebaixando o tempo de tramitación dos proxectos a un máximo de 6 meses***
- ***Favorecerase a dispoñibilidade de solo destinado a gasoleiras, especificamente en estradas autonómicas e polígonos industriais***
- ***Facilitarase a súa instalación en centros comerciais e hipermercados, e introduciranse criterios de competencia nas licitacións de áreas de servizo***
- ***Reforzarase o control para que ningún operador supere o 30% da cota de mercado en cada provincia***
- ***O Consello Galego de Competencia impugnará os actos administrativos que poñan trabas á apertura de gasoleiras e recomenda ás estacións de servizo independentes que poñan en marcha unha central de xestión de compras***
- ***O informe deste organismo confirma que os problemas de competencia agudízanse en Galicia ao ter un nivel de concentración 11 puntos superior á media***
- ***O titular da Xunta xa remitiu unha carta ao presidente da Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia para trasladarlle a súa preocupación porque Galicia sexa a comunidade co gasóleo antes de impostos máis caro da Península***
- ***O prezo medio do litro de gasóleo de automoción sen tributos é 2,4 céntimos maior que a media española***

A Xunta de Galicia vai levar a cabo medidas para elevar a competencia na venda retallista de combustibles de automoción e reducir os prezos, logo de constatar que Galicia é a comunidade co prezo do litro de gasóleo antes de impostos máis elevado da Península. Estas actuacións responden ás recomendacións que establece o Consello Galego da Competencia (CGC), e que se recollen nun informe que presentou hoxe ao Consello da Xunta a conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz.

O informe do CGC confirma que os problemas de competencia existentes no mercado español agudízanse en Galicia ao existir un nivel de concentración no mercado minorista 11 puntos superior á media estatal. É por isto que o descenso do prezo dos carburantes de automoción pasa necesariamente por incrementar a competencia no mercado, elevando o número de estacións independentes e de hipermercados.

Entre as actuacións que levará a cabo a Xunta –dentro da limitada marxe de manobra que teñen as administracións autonómicas neste eido– figura a simplificación de trámites administrativos. Así, a Xunta iniciou hoxe a tramitación dun decreto que permitirá crear unha xanela única para a apertura de novas gasoleiras.



Este decreto establece un procedemento integrado que rebaixará o tempo de tramitación dos proxectos a un máximo de 6 meses, o que axilizará a posta en marcha de novos proxectos e suporá un efecto dinamizador nas economías locais.

Ademais, a Administración galega reforzará o control sobre os contratos de subministración para certificar que están adaptados ao novo marco legal, e para que ningún operador supere o 30% da cota de mercado por provincia. Deste xeito salvagárdanse os intereses das gasoleiras independentes garantindo que ningunha empresa teña unha posición de dominio.

### **Máis implantación en centros comerciais**

Tamén se adoptarán medidas para facilitar a creación de solo destinado á instalación de estacións de servizo, especificamente en estradas autonómicas e en polígonos industriais, e facilitará a implantación destes establecementos en centros comerciais e hipermercados. O informe constata que as estacións de servizo independentes, especialmente as ligadas a hipermercados, ofertan prezos máis baixos, pero estas teñen na actualidade un peso menor en Galicia que no conxunto do Estado.

Ao mesmo tempo, a Administración galega reforzará os criterios de competencia nos procedementos de concesión ou autorización de estacións de servizo, ponderando de forma favorable e cun peso significativo que a empresa solicitante non estea presente no termo municipal ou no tramo de estrada próximo á gasoleira.

O Consello Galego de Competencia impugnará os actos e disposicións das administracións públicas que supoñan obstáculos á apertura de novas estacións de servizo, dado que as autoridades de competencia están facultadas para impugnar os actos e disposicións con rango inferior ao de Lei que resulten contrarios á libre competencia.

Finalmente, o Consello Galego da Competencia recomenda tamén que as estacións de servizo independentes poñan en marcha unha central de compras, xa que un dos principais problemas cos que se atopan estes establecementos é a súa falta de poder negociador á hora de asinar contratos de abastecemento de combustible. Unha central de compras permitiría ás estacións de servizo abastecerse en mellores condicións, o que lles deixaría unha maior marxe para competir en prezos.

Ademais, este organismo tamén recomenda potenciar a información aos consumidores sobre os prezos nas estacións de servizos máis cercanas.





### **Carta á Comisión de Competencia**

Ademais de levar a cabo actuacións dentro da súa marxe de manobra, a Xunta dirixiuse xa á Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) para trasladarlle a súa preocupación polo feito de que Galicia estea entre as comunidades co prezos do gasóleo antes de impostos máis elevados da Península.

A través dunha carta, o titular da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, explicoulle ao presidente deste organismo que o Goberno galego está seguindo con especial atención o expediente sancionador aberto pola CNMC a varias empresas distribuidoras por posibles prácticas restritivas da competencia, e púxose a súa disposición para colaborar no desenvolvemento deste expediente para que se resolva satisfactoriamente.

### **Maior prezo en Galicia que a media española**

O prezo medio do gasóleo de automoción sen tributos en Galicia situouse no mes de abril en 74,7 céntimos/litro, o que supón 2,4 céntimos máis que a media española. Galicia ten polo tanto o prezo do gasóleo sen impostos máis alto da Península, a pesar de que a tributación na Comunidade galega é a mesma que se aplica na actualidade en preto do 85% do territorio español.

Ademais, a Comunidade galega xa era en decembro de 2013 a autonomía co gasóleo sen impostos máis caro de España. Ao peche do ano o prezo medio do litro de gasóleo antes de impostos era 1,4 céntimos máis caro que en decembro de 2012, a maior suba de toda España e o dobre que a media española (0,6 céntimos) neste período.

O informe do Consello Galego de Competencia relaciona este feito co maior nivel de concentración do mercado que hai en Galicia respecto ao resto de España. De feito, as catro provincias galegas presentan un índice de concentración de estacións pertencentes a grandes grupos de distribución superior á media. É por isto que o descenso de prezo pasa necesariamente por elevar os niveis de competencia no mercado.



## **A XUNTA APOIA MÁIS DE 500 ACCIÓNS DE IMPULSO AO COMERCIO DE PROXIMIDADE CON PRETO DE 2 MILLÓNS PARA CCAS E PRAZAS DE ABASTOS**

- ***Economía e Industria concedeu apoios a 52 centros comerciais abertos e 22 asociacións de praceiros dos cales se benefician máis de 5.000 establecementos***
- ***Incrementáanse nun 7% as axudas concedidas, coas que se poñen en marcha campañas de dinamización e fidelización e melloras nos equipamentos que permitirán impulsar as vendas e mellorar os servizos que se ofrecen***
- ***Dentro da estratexia da Xunta de apoio á mellora competitiva do sector comercial lévanse activado este ano programas de axudas por máis de 6,5 millóns***

A Xunta apoia con preto de 2 millóns de euros a posta en marcha de máis de 500 accións de impulso ao comercio de proximidade das cales se benefician máis de 5.000 establecementos asociados aos 52 centros comerciais abertos e 22 asociacións de praceiros que resultaron beneficiados polas axudas que resolveu a Consellería de Economía e Industria.

A través do programa de apoios ás asociacións de comerciantes para a dinamización dos centros comerciais abertos e as prazas de abastos, no cal se incrementan as axudas concedidas nun 7% con respecto ao ano pasado, potencianse dúas figuras clave para o comercio galego, mediante o apoio a actuacións que permitirán impulsar as vendas, atraer nova clientela e mellorar os servizos que ofrecen.

Así, 52 centros comerciais abertos de vilas e cidades de toda Galicia obtiveron apoios para máis de 400 actuacións, entre as cales se inclúen campañas de dinamización, sistemas de fidelización de clientes ou sinalización comercial externa, mentres que 22 asociacións das prazas de abastos conseguiron axudas para preto dun cento de iniciativas, entre as cales se inclúen ademais das sinaladas melloras en instalacións colectivas e equipamentos.

Os apoios para cada centro comercial aberto poden chegar ata os 40.000 euros e alcanzar ata o 80% do investimento subvencionable, en función da poboación dos concellos en que están situados e do número de establecementos asociados. No caso das asociacións das prazas de abastos, a porcentaxe de axuda é do 70%, e a subvención máxima será de 9.800 euros.

Este programa enmárcase na estratexia específica da Xunta para impulsar o sector comercial e mellorar a súa competitividade, centrada en eixes como o apoio ao asociacionismo, o emprendemento, o relevo xeracional ou a innovación, estratexia dentro da cal se levan activado no que vai de ano programas de axudas dotados con máis de 6,5 millóns de euros.



Así, tamén no eido do impulso ao asociacionismo comercial, púxose en marcha a orde destinada a apoiar o labor que desenvolven as federacións de comerciantes e asociacións de ámbito superior ao municipal, dotada con 800.000 euros e en fase de resolución.

Activouse, así mesmo, o programa de apoios aos concellos galegos para potenciar os mercados e prazas de abastos e impulsar a competitividade do comercio de proximidade, dotado con 3,1 millóns de euros, tamén en fase de resolución, e no ámbito do emprendemento está aberta á presentación de solicitudes ata o 30 de xuño a nova convocatoria para a apertura de establecementos comerciais, que conta cunha dotación inicial de 500.000 euros.

Ademais destas iniciativas, está en marcha un programa en colaboración coas cámaras de comercio que mobilizará 5 millóns de euros no impulso da innovación das pequenas empresas e o comercio de proximidade.



## **SANIDADE XA TEN CONTRATADAS OU LICITADAS ACTUACIÓNS POR MÁIS DE 47,6 MILLÓNS DE EUROS NOS PROXECTOS DE INNOVA SAÚDE E HOSPITAL 2050**

- ***Ademais, 15 das adxudicacións realizáronse mediante compra pública innovadora, por un importe de 17,3 millóns de euros***

A Consellería de Sanidade xa ten contratados ou licitados máis de 47,6 millóns de euros en actuacións que compoñen os 23 subproxectos de Innova Saúde e Hospital 2050. Destes fondos, 41,7 millóns foron contratados, 6 millóns están en proceso de licitación e o resto empezaron xa os trámites administrativos.

Ademais, 15 das adxudicacións realizáronse mediante a modalidade de compra pública innovadora, por un importe de 17,3 millóns de euros. Cómpre destacar que no 73% destas adxudicacións participan empresas galegas e que, ademais, no 80% está presente unha peme.

A compra pública innovadora é unha ferramenta utilizada para a innovación e a competitividade, o que mellora os servizos públicos, fomenta a participación de pequenas e medianas empresas e impulsa a internacionalización e comercialización empregando para iso o mercado público local como cliente de referencia.

Os proxectos Innova Saúde e Hospital 2050 suporán o maior proxecto de innovación sanitaria da Comunidade Autónoma e permitirán desenvolver un novo modelo asistencial baseado nas novas tecnoloxías, o que axudará o Sergas a mellorar a súa eficiencia e calidade asistencial garantindo a sustentabilidade do sistema.

### **Innova Saúde**

A iniciativa Innova Saúde conta con 14 subproxectos de innovación en prestación de servizos asistenciais á vez que se facilita o desenvolvemento do negocio innovador ao redor do sector sanitario en Galicia. O obxectivo é transformar o modelo de asistencia sanitaria actual cara a outro centrado no paciente e que dea resposta ás súas necesidades, tendo en conta o envellecemento da poboación e, por tanto, a pluripatoloxía e a cronicidade. É dicir, un sistema sanitario en que cada vez ten menos peso a atención a procesos agudos e máis a procesos crónicos.

Estes 14 subproxectos están compostos de 93 actuacións, das cales 65 están contratadas, 5 licitadas e 23 en fase de estudo. Na súa execución están a traballar un total de 177 profesionais do Sergas.



## **Hospital 2050**

O proxecto Hospital 2050, composto de 9 subproxectos, engloba o deseño e planificación de varias iniciativas encamiñadas a desenvolver un hospital do futuro eficiente, seguro, respectuoso co ambiente e adaptado ás novas tecnoloxías e, sobre todo, centrado nos pacientes, tendo que ser considerado estratéxico e clave para a sociedade.

Das 49 actuacións que forman o proxecto, 33 xa están contratadas, 3 licitadas e 13 en fase de estudo. Neste caso 100 profesionais do Sergas traballan na súa execución.

Ademais, hai que ter en conta que o proxecto hospital2050 inclúe 20 millóns de euros para a construción do novo edificio de hospitalización do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

